


Non haberá illa, pro hai o nome

Homenaxe a Antón Palacio

Editores:

Xose A. Fernández Salgado

Aquilino S. Alonso Núñez



Universidade de Vigo

Servizo
de publicacións

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

NON HABERÁ ILLA, PRO HAI O NOME

Homenaxe a Antón Palacio

EDITORES

Xosé A. Fernández Salgado
Aquilino S. Alonso Núñez

2019

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións

HOMENAXES DA UNIVERSIDADE DE VIGO, Nº 11

Edición

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
Edificio da Biblioteca Central
Campus de Vigo
36310

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2019

© Edición ó coidado de Xosé A. Fernández Salgado e Aquilino S. Alonso Núñez

© Os autores, dos seus textos



Esta editorial é membro da UNE, o que garante a difusión e a comercialización das súas publicacións a nivel nacional e internacional.

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

ISBN: 978-84-8158-818-7

Dep. Legal: VG 433-2019

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.



Antón Palacio Sánchez

Gutor, Babarón e Trapobana son tres illas que non hai, i están entre Bengala e illa Java. Gutor nunca se viu, e non se sabe quen a bautizou, pro a oitenta légoas de Canbetún hai que dar unha virada a S.E. pra pasala, e os que se rin de nós, os señores pilotos de Arabia, por faguer esta reverencia, non se decatan de que non haberá illa, pro hai o nome e o erre en que remata é rasgueado, e poderá non chocar un coa illa, pro pode perderse contra o nome, que ese ninguén o nega.

ÁLVARO CUNQUEIRO
Se o vello Sinbad volveuse ás illas

ÍNDICE

- 11** Limiar
17 XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Antón Palacio, filólogo de vocación e estilo
31 AMPARO SOLLA GONZÁLEZ
Amor pola palabra

ESTUDOS DE LINGUA

- 39** AQUILINO S. ALONSO NÚÑEZ
Os numerais e os indefinidos nunha fala galega
55 ROSARIO ÁLVAREZ / ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE
Os fragmentos en galego do *Desempeño de un empeño* (1771),
de Benito A. Godoy Figueroa
73 INMACULADA C. BÁEZ MONTERO
¿Una nueva ortografía?
85 ANA IGLESIAS ÁLVAREZ
A importancia da oralidade no ensino-aprendizaxe da lingua galega
97 RAMÓN MARIÑO PAZ
O cambio *dizes* > *dis*, *diz* > *di*, *dizen* > *din* nas fontes do galego medio
115 ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA
A lexicografía galega e os marcadores discursivos reformuladores
133 XOSÉ SOTO ANDIÓN
Dous papeis semánticos en contraste: *portador de estado e situado*

ESTUDOS DE LITERATURA

- 149** ANA ACUÑA TRABAZO
As cartas de dona Virxinia Pereira Renda á familia de Ramón Otero Pedrayo.
Un epistolario do íntimo e do exilio
161 ANXO ANGUEIRA
Rexurdimento e romanticismo
173 BURGHARD BALTRUSCH
Crítica dunha tradución esquecida: José Angel Valente en portugués
187 BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO
Ensaio biobibliográfico sobre Avelino Díaz

- 223** MANUEL FORCADELA
Sobre o rostro do pai e os espellos perversos. Unha lectura de *Xoguetes para un tempo prohibido* de Carlos Casares
- 245** CARLOS NOGUEIRA
As teorías barroca e neoclásica da sátira em Portugal
- 263** CAMIÑO NOIA
A alimentación nos contos tradicionais
- 281** XOSÉ LUÍS SÁNCHEZ FERRACES
«O Erro e a Sombra existen-Me». Mario de Sá-Carneiro cara á dispersión total
- 303** DOLORES TRONCOSO
Galdós, Portugal e *La Prensa* de Buenos Aires

ESTUDOS DE ONOMÁSTICA

- 317** XESÚS ALONSO MONTERO
Noticias sobre vinte e sete pseudónimos meus, algúns deles heterónimos
- 331** XOSÉ BIEITO ARIAS FREIXEDO
Tres cantigas en clave onomástica
- 343** ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
A toponimia galega en branco e negro
- 367** XOSÉ-HENRIQUE COSTAS
A toponimia ameazada da *Galicia exterior*
- 387** VÍCTOR FRESCO BARBEITO
Transliteración de topónimos de Libia
- 411** XOSÉ M^a LEMA SUÁREZ
De Santa Sía a Santa Sía de Roma, un posible engadido onomástico (e non toponímico) de finais do século XVI
- 415** LUZ MÉNDEZ
Apelidos foráneos en Galicia
- 433** GONZALO NAVAZA
Santa Baía das Donas de antano. Notas etimolóxicas
- 445** ANTÓN SANTAMARINA
Edición dun «Fragmento dun caderno de toponimia atribuíble a J. Cornide»

A TOPONIMIA GALEGA EN BRANCO E NEGRO

Ana Isabel Boullón Agrelo

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela
ana.boullon@usc.es

*A Antón, amigo querido desde hai moitos anos,
compañeiro infatigable, vehemente e sabio no estudo de topónimos e apelidos.*

1. As cores nos topónimos e a súa frecuencia

Cada lingua organiza os límites das categorías semánticas das cores ó seu xeito, pero desde o traballo de P. Berlin e B. Kay en 1969 pode fálarse dunhas categorías universais semánticas neste dominio. Estes autores estableceron unha clasificación de once cores, cunha orde fixa, a partir do estudo de 98 linguas: as primeiras son o branco e o negro, e despois: vermello → verde ou amarelo → azul → castaño → [morado / rosa / laranxa / gris] (Berlin / Kay 1999: 104); se nunha lingua determinada se reduce o número das cores que se expresan, estas serán, como mínimo, a branca e a negra. Se son catro, a estas dúas engádense o vermello mailo verde ou o amarelo.

Por razóns de extensión, neste traballo limitareime ó estudo das dúas cores básicas (branco e negro), coas distintas denominacións empregadas en Galicia para expresalas. Encadrarei o seu peso específico no conxunto da toponimia maior galega (que toma como base o *Nomenclátor de Galicia*, en diante NG), onde se rexistran seis cores: branco, negro, verde e vermello, que son as maioritarias (e as catro primeiras da escala de Berlin / Kay), e, con moita menor incidencia cuantitativa, pardo e amarelo; hai unha categoría máis, multicolor, resultante da conxunción de dúas cores no mesmo referente.




Gráfico 1: Porcentaxe das cores na toponimia galega.

Neste cadro foi reducida a variabilidade léxica, xa que a mesma cor pode presentar diversos nomes, dependendo da cronoloxía ou por desprazamentos semánticos que se van producindo por metáfora ou por metonimia: así, /branco/ pode estar expresado polos adxectivos *albo* (e o seu derivado *albar*), *branco*, *cao*, *prata* e *claro*; /negro/ por *louro*, *mouro*, *negro*, *preto*, *escuro* e *fuluxento*; o mesmo ocorre con /pardo/, /amarelo/ e /vermello/ (*rubio*, *roxo*...); e a variedade de cores pode ser expresada por *pígara* e *pinto*. A única das cores básicas (na clasificación de Berlin / Kay) que falta aquí é o azul, como adoita ocorrer na toponimia hispánica: nos estudos consultados, só aparece, e en número baixo, en Cataluña (Dębowskiak 2013: 86) e nas Illas Canarias (Trapero 1995: 95, 112), en ambos e dous casos para designar augas limpas e de intensa cor azul: *Aiguablava*, *Cala Blava* e *Charco Azul* ou *Caletón Azul*.

Considereirei como cromotopónimos aqueles nomes en que a noción de cor forma parte esencial da natureza do lugar, isto é, non aqueles en que a cor forma parte da etimoloxía do nome pero con distinta motivación, tales como os nomes de posesores procedentes de nomes persoais latinos (*Albín*, do xenitivo de *Albinus*, *Rubián* de *Rubianus*, *Mourelle* de *Maurellus*), ou de sobrenomes persoais de imposición máis moderna (*Porta dos Caos*, *Caspardo*, *Martín Mouro*, *Peronegro*), ou santos (*Santa Clara*, *Santa Rosa*) ou outras realidades que se irán detallando no estudo de cada voz. Como se verá, non sempre é doado distinguir motivacións ou acepcións.

Os termos utilizados para a descrición das cores remiten lexicamente a un escenario medieval ou posmedieval, xa que aparecen voces que hoxe teñen menos vitalidade, presentan restricións semánticas ou estilísticas ou desapareceron (*albo*, *albar*, *cao*,

preto, louro). Terei en conta as atestacións medievais, segundo os *corpora* electrónicos existentes, o CODOLGA para os textos latinos e o TMILGA¹, sobre todo, para os galegos. Ademais, terei en conta a información proporcionada pola tese de doutoramento de Teresa Veiga Díaz (2010), quen establece que non hai diferenza estrutural entre o elenco cromático dos textos traducidos medievais e o dos non traducidos (2010: 537), de forma que eu considerarei igualmente válidos os dous tipos de fontes.

2. /branco/

As palabras latinas que designaban esta cor eran *albus* e *candidus* (Kristol 1978: 51), pero foron desprazadas nas linguas románicas por *blank*, de orixe xermánica. Destas formas, *candidus* (co matiz 'branco brillante) apenas deixou mostras na Iberorromania², *albus*, permanece na toponimia e *blank*- entrou tardiamente. Roca Garriga (1954), ó examinar os datos da Península Ibérica, establecía unha diferenza cronolóxica e xeográfica entre o uso dos dous adxectivos: ó sur da fronteira establecida entre os reinos cristiáns e os árabes a partir de 1212 a presenza de *albo* é moito menor, posto que a partir da recristianización dese territorio o adxectivo usado para esa cor era xa *blanco*. Nos *corpora* de Galicia a voz *branco* aparece só a partir do século XII, mentres que os testemuños na toponimia de *albo* (e derivados) son moi anteriores (desde o século VIII³) e moito máis abundantes.




Gráfico 2: Formas de /branco/ na toponimia galega.

-
- ¹ Remito a eles para a bibliografía das fontes concretas, que só exporei con abreviatura.
- ² Si con sentido figurado: *cándido* 'inxenuo', e no derivado *candeal*, aplicado ó tipo de trigo que produce un pan moi branco (DCECH s.v. *cándido*). Descarto o topónimo *Candia* como procedente desta voz, porque probablemente haxa que pólo en relación con *Cando*, *Canda*, *Candán* etc., derivados todos da voz prelatina *CANDĀNU, emparentada co lat. *candere* 'arder' e remotamente tamén co adxectivo CANDĪDUS 'branco' (DAG).
- ³ «per illas sasas *aluas*» a.775 DipAstur, «Pena *Alua*» a.791 CDPino.

2.1. Albo e derivados

No corpus medieval electrónico de textos galegos (TMILGa), o adxectivo *albo* como referencia de cor⁴ aparece en moito menor número ca *branco*: 72 ocorrencias fronte a 2.093, o que non chega a supor un 4%, dato elocuente sobre a súa vitalidade a partir do século XIII. De todas elas, a maioría son de topónimos (non sempre galegos), catro sobrenomes (a) e dez como referencias cromáticas, sobre todo moedas (b), pero tamén outras (c, d):

- a) Pedro Perez, dito *Aluo* (1269 DocSponer), Iohan *Alvo* (1289 DocTui), Johan *Alvo* de Castro (1307 CDOseira), Johán *Aluo*, capelã de San Migell dos Agros (1429 TSBieitoSantiago)
- b) «soldos alfonsinos *alvos*» (1290 CDRocas)
- c) «Et foy esta jnfanta Yó tornada de maos costumes em bõos que nẽgũa cousa da vaca nõ ficou em toda ella... senõ a blancura soa, que era moy *alua* et moy fermosa» (s. XIV XEstoria)
- d) «o cauallo ... aas uezes nace con huun ollo *aluo* et outro negro», «enprasto de greda *alua*», «vermeẽs rruuios et *aluos*» (1409-1420 TAlbeitaría)

Tanto a súa utilización en sobrenomes coma nos outros contextos permítenos ver que polo menos ata o primeiro terzo do século XV esta palabra era coñecida, aínda que non tan usada coma *branco*. Se a maior parte das acepcións son referidas á cor da pel ou do cabelo (a, c) e para as moedas (b), ou con outros contextos no tratado de Albeitaría, a toponimia mostra que se usou tamén para pedras (*Penalba*, *Peralba* / *Pedralba*, *Seixalbo*), orónimos (*Montalbo*, *Montalbán*), construcións (*Pardasalbas*, *Castelalbo*, *Eirexalba* / *Grixalba*, *Mámoa Alba*) e hidrónimos (*Piegalbo*). Posteriormente o adxectivo *albo* foi recuperado como cultismo e hoxe considérase voz literaria (DRAG). As formas localizadas na toponimia son as seguintes⁵:

1. Albo, O, Albos, Alba

Derivados:

2. Albeiro 2 / O Albeiro 2 / Albeiros⁶
3. Trasalba
4. Albar 4 / O Albar 1 / Albares 2

⁴ Non contamos as 16 ocorrencias de *alva* / *alba* como substantivo feminino, co significado de 'alborada', sempre en textos literarios, ou 'vestimenta de liño branca que viste o sacerdote para celebrar a misa'.

⁵ Descarto como cromotopónimos *Albán*, *Donalbán*, *Albín*, por seren nomes de posesor (lat. ALBANUS, ALBINUS).

⁶ *Albeiro* tamén significa 'muíño de trigo', fronte a *negral*, 'muíño de centeo e millo'.

5. Albaredo 3 / O Albaredo 4, Albaredos / Os Albaredos / San Martiño de Alvaredos
6. Albarido, O
7. Albela de Arriba, A / Albelos
8. Albarello, Albarelos 2 / Alvarelos
9. Albariña, A / A Alvariña / Alberiñas / Alvariños

Compostos:

1. Arealba
2. Pedralba 6, Peralba 2
3. Penalba 4 / A Penalba / Penas Albas 3
4. Pena Oubiña⁷, A Penoubiña 2
5. Seixalbo 3 / Seixalbos
6. Pardasalbas
7. Castelalbo, O
8. Eirexalba / Grixalba
9. Mámoa Alba
10. Montalbo
11. Montalbán
12. Piegálbo
13. Vilalba 4
14. Peralbar
15. Pontealbar / Ponte Alvar
16. Pradoalbar

Varios derivados seguen a conservar a súa relación coa cor, como *albariño* ou *albeiro*, usados na toponimia sen referente expreso, ou *albar*, que no DRAG está restrinxido a especies vexetais, pero que na toponimia aparece tamén con *ponte* ou *pedra* (*Peralbar*). Outros, en fin, consérvase só como apelidos, xerados a partir do seu uso toponímico, como *Albarelos* ou *Albela*; deste último consta na documentación a súa vinculación semántica coa cor branca, nun poema de Xoán Suárez Coello onde relaciona o sobrenome *Albelo* co cabelo branco:

⁷ *Oubiña*, a parroquia de Cambados, está mencionada como *Ovinia* no Parroquial Suevo e en 1151, polo que parece que se debe relacionar co lat. *OVIS* 'ovella', de onde *OVINIUS*, usado en latín como cognomen. Daquela, o ditongo parece non etimolóxico. Segundo Bascuas (2002: 282), pode entenderse como 'terra de ovellas' ou como adxectivo de posesor **VILLA OVINIA*; penso que esta última opción debería descartarse, pois non hai en Galicia descendentes desta fórmula latina clásica co uso adxectivo da forma antroponímica. Parece que o próximo *Oubiña*, lugar de Marín, debería interpretarse da mesma forma.

«Martí *Alvelo* / desse teu cabelo / te falarei ja / cata capelo / que poñas sobre'elo /
ca mui mester ch'á; ca o topete / pois mete cãos mais de sete»

De todas maneiras, e aínda que a relación desta voz coa cor branca é segura en moitos casos (máis evidente nos compostos), Edelmiro Bascuas alertou do problema de homonimia pola confluencia do tema **Alv-* (formado pola raíz **el* 'fluír' e o sufixo *-v*) e a raíz indoeuropea **albh-* 'branco' (de onde o lat. *ALBUS*), que terminou usándose con valor hidronímico en toda Europa (cf. os nomes de varios ríos europeos, como *Elba*, *Aube* < *Alba* 877, afluente do Sena, *Albe* < *Alba* 1200, afluente do Saar etc.; véxase Bascuas 2002: 268)⁸. Tendo en conta isto, Bascuas considera como hidronímicos varios usos de *Alba* en Galicia, posto que ou son actualmente nomes de ríos (*Alba* no Morrazo), ou aparecen na Idade Media como tales ou con formas que descartan a súa vinculación coa voz latina (como o río *Alva* na Beira Baixa portuguesa, que se menciona como *Alvia*, cunha terminación moi común nos hidrónimos)⁹. Decidín, con todo, manter esas formas dentro deste grupo porque, amais da dificultade en resolve-la homonimia, en última instancia tamén revelan a súa vinculación coa cor branca.

2.2. Branco

Como se dixo, esta voz é innovadora con respecto á orixinaria latina. A documentación máis antiga atopada é de finais do século XII, aínda que é a partir do XIII cando se atesta con máis frecuencia, aplicado a tecidos (c) e moedas (d), e especialmente na onomástica, como sobrenome persoal (a) e como topónimo (b).

- a) Wilelmus *Branco* (1177 TSobrado), «Martin *Branco*» (1240 CDVilarDonas), «Dominicus Fernandi dictus Perna *Brancha*» (1234 DocCatOurense)
- b) «uendimus tibi Dominico Pelagii quamdam domum que est prope *Branco*s carnificum»¹⁰ (1222 DocCatOurense), «Petrus Nunit dos *Brancus*» (1254 CDRamirás)

⁸ E aínda hai outros autores que admiten unha raíz oronímica preindoeuropea **alb-* 'alto'. Bascuas (2002: 273) considéralo menos probable pola ausencia de correspondencias lingüísticas seguras e porque todas elas admiten outras explicacións alleas á suposta orixe preindoeuropea. Para a discusión dos topónimos que interesan, véxase Bascuas (2002: 274-283).

⁹ Bascuas (2002: 275) inclínase por considerar *Vilalba* (Lu) neste grupo hidronímico, pero en realidade é unha retonomización real por oposición meliorativa ó primitivo *Montenegro*. Gonzalo Navaza (2017a: 72) considera que se debe tratar doutra das mudanzas toponímicas de Afonso IX.

¹⁰ Non está claro abondo se aquí *Branco*s é topónimo ou o nome do carnicero.

- c) «colcha cardina et alia *blanca*» (1230 DocCatOurense)
- d) «duzentos soldos desta moeda *blanca*» 1264 CDTui, «LXXXa solidos de alfonsiis *brancos*» (1272 CDFPallares)

Na toponimia atopámolo substantivado (en masculino plural pode facer referencia ó alcume dos habitantes) ou en composición, para adxectivar orónimos (*area, pedra, pena, seixo*), construcións (*casa, torre, fonte*) ou fitónimos (*uceira, folla, carballo, xesta, xunca*), sobre todo:

- 1. Branca / Blanca / Os Blancos 3

Compostos:

- 1. Areabranca
- 2. Pedra Branca / A Pedrabranca / Pedras Brancas 2
- 3. Pena Branca, A 2
- 4. Seixo Branco, O 2
- 5. Fonte Branca / Fontebranca / A Fontebranca
- 6. Casa Branca, A / Casabranca / A Casabranca 3
- 7. Torre Branca, A 2
- 8. Vilabranca
- 9. Uceira Branca
- 10. Folla Branca
- 11. Carballo Branco
- 12. Xestas Brancas
- 13. Xunca Branca, A
- 14. Camiño Branco / O Camiño Branco 3
- 15. Carreira Branca
- 16. Virxe Branca, A

Contrariamente á maioría das outras expresións de cor, non aparece nunca en derivados, quizais por tratarse dunha voz máis recente.

2.3. Outras denominacións

Amais de *ALBUS* e *BRANCUS*, aparecen de maneira minoritaria algunhas outras denominacións. En primeiro lugar, *prata*, usado co sentido ‘prateado’ [«que ten a cor, o brillo ou outras características da prata» (DRAG)]. No exemplo galego debe referirse ó brillo da auga. É frecuente en Canarias, onde describe a cor tirando a branca do chan (Trapero 1995: 97):

- 1. Fonte Prata, A

O adxectivo CANUS sería ponte entre os sectores cromáticos do gris e do branco, en referencia á cor branca ou grisácea do cabelo, posto que en latín o gris non tiña palabra específica (Varela Sieiro 1996: 574). Os topónimos evidencian que o seu referente non foi unicamente o cabelo, senón que se aplicou a outras realidades diferentes, aquí un fitónimo e un hidrónimo¹¹:

1. Fontecá
2. Espiñarcao

Outro adxectivo para este ámbito semántico é *cairo* < lat. CANARIU. Nos dicionarios latinos esta palabra deriva de CANIS, pero debeu existir tamén como derivado de CANUS, como parecen indicar estes testemuños toponímicos:

1. Caira
2. Lexocairo

A voz *cairo* é problemática, porque na expresión *pito cairo*, Gonzalo Navaza (2004) demostrou que non ten que ver con esta voz latina, como propoñía Corominas (DCECH s.v. *cano*), senón coa capital exipcia. Unha das obxeccións era fonética, posto que de CANARIU non pode proceder *cairo* en certas áreas dialectais onde a solución sería **queiro*, conforme ós resultados de MATTIANARIA (*maceira*, véxase ALGa VI, mapa 238). Isto é o que ocorre con *Cairo* en Lousame, o que obriga a descartar a súa orixe a partir de CANARIU. O caso de *Caira*, en Antas de Ulla, é diferente, porque, situado na estrema das isoglosas de *maceira*, *maciñeira* e *mazaira*, está documentado en varias ocasións no Tombo de Sobrado como «villa de *Canaria*», «loco predicto *Canaria*» 1033, «uilla uocitata *Canaria*» 1120 TSobrado. Isto tamén levou a Bascuas (2002: 213) a consideralo derivado de CANUS. Canto a *Lexocairo*, está situado en Baralla (Lu), en área onde MATTIANARIA > *mazairo* (ALGA VI, mapa 238). A primeira parte do composto debe ter a mesma orixe có port. *leixão* ‘pedra alta e isolada’ (DOELP).

Finalmente, inclúese aquí o adxectivo *claro*, que indica a presenza de luminosidade e fai referencia a obxectos que resaltan do conxunto por seren máis brancos. Non é segura esta significación nos casos 1 e 2, pois aí pode facer referencia á posesora, pero si é evidente no 3, paralelo ó catalán e occitano *Montclar* ou ó francés *Monclar*.

1. Clara, A
2. Vila Clara

¹¹ É dubidoso *Barbacán* (A Laracha), porque, aínda que podería explicarse por un composto *barba + can* (feminino de CANUS nesta área dialectal), cunha explicación fitonímica, podería deberse a existencia da voz de orixe árabe *barbacá* (‘muro que se construíu diante das murallas e máis baixo ca elas para defender unha fortificación’ DRAG), presente nos textos desde o século XIII (*barvacã* nas Cantigas de Santa María). De todas formas, atéstase só en fontes literarias: amais de nas CSM, en traducións de textos casteláns (a Crónica Xeral / CrCastela e a Historia Troiana), co que cumpriría un estudo específico para dilucidalo.

3. Montes Claros

Non sen tiveron en conta os haxiónimos *Santa Clara* e *Santa Clara de Novás*.

3. /negro/

Para a expresión desta cor («completamente escura, coma a do acibeche», «moi escura» DRAG), en latín había dous termos, ATER (o non marcado) e NIGER (brillante). O primeiro foise facendo máis raro a partir do século II d. C. ata desaparecer, e introducíronse novos termos, algúns por proximidade semántica, como *preto*, e outros por comparacións lexicais, como MAURUS (Kristol 1978: 95). Na toponimia galega atopamos ata seis termos para designar os distintos tons desta cor (ben que algunha delas anecdótica): as principais son *mouro*, *negro*, *louro* e *preto*, isto é, o dobre das que expresan /branco/, que son *albo* e *branco*, e das que sabemos que teñen unha explicación diacrónica. Esta proliferación fai pensar na busca de novas formas como recurso eufemístico para un termo que podía ter connotacións negativas, pois aparece con acepcións figuradas, asociadas á tristura e á desgracia:

«cada día se me fazía *negro* et triste», «en *negro* día me uistes», «en *negra* ora naçí», «¡Ay, uentura *negra* et astrosa et crua et esquiuu et doorida et falsa et mentirosa et sen lealdade!» 1370-1373 CTroiana




Gráfico 3: Formas de /negro/ na toponimia galega.

3.1. Mouro

Maurus significaba xa en latín ‘negro’, ‘escuro’ (DMLBS), pero a súa asignación étnica desde moi cedo fai difícil discriminar en moitas ocasións as motivacións dos topónimos ós que deu lugar. Como designación de cor, hai algún contexto que parece

indicar que é palabra condicionada pola variación diastrática, propia de labradores e vaqueiros:

«achou hũa vaca *negra* et, polla desvyar dant' el rrey que lle disse como en iogo: «ca, *mora!*», ca os lauradores et os vaqueyros soenlle chamar aas *negras mouras*» (1295-1312 CrXCrC)

Posteriormente e ata hoxe, seguiu a presentar a acepción «de cor escura, moreno», aplicado a persoas (DRAG), se ben parece manter unha connotación popular, connotación que segue a ter hoxe e que lle ten proporcionado unha valoración social negativa, como se ve no seguinte etnotexto:

«E entón nosoutros entramos, e esta, que ... que chaman Hortensia, dixo: —Déanos un quilo de uvas, ¡*mouras!* E púxolle o quilo de uvas *mouras*. E saímos para fóra..., e... díxonos alí fóra a sobriña do Víctor que estaba na Coruña: —¡Ai! ¡Ai Hortensia! ¡Para outra vez non digas así! —¿E logo? —¡Di *negras!* ¡Di *negras!* Esa palabra, *mouras*, é unha palabra moi mal dita —dixo—, moi mal dita, muller. ¿E non ves que chama a atención da xente?» (Fernández Rei / Hermida Gullás 1996: 116-7)¹².

Esta norma social implícita, que privilexia as formas comúns ó castelán en detrimento das diferenciais, ten afectado a outras formas léxicas das cores: Villanueva Gesteira (2009) examinou o transcorrer cronolóxico do campo semántico das cores en tres xeracións e comprobou a perda deste tipo de formas (tales como *aborrallado*, *gacio*, *ruzo*, *rubio* para outras gamas) a favor de castelanismos ou formas aprendidas na escola. Isto corrobóranos os datos do DISPOGAL (2008), proxecto encamiñado a coñecer-lo léxico dispoñible do galego entre os escolares, onde a voz *mouro* figura mencionada só dúas veces para o léxico das cores e ocupa o posto 358, mentres que *negro* ocupa o posto 4º e foi mencionada 772 veces¹³.

En todo caso, a alta frecuencia do seu uso historicamente é referendado por tratarse do adxectivo desta cor máis utilizado na toponimia, máis aínda ca *negro*¹⁴. Aparece substantivado, (*O*) *Mouro*, (*A*) *Moura* e con diversos derivados diminutivos. A *Mourelas* adóitaselle atribuír valor étnico, e Piel (1947: 329) apunta a idea de que se usase como nome común para designar a mouriscos, dado o grande número de topónimos que xerou en Galicia (once) e en Portugal. Pero non cabe dúbida de que tamén designou cor, como vemos en «Io boue *mourela*» 1185 TTososoutos, ou no topónimo moderno *Fontemourela*. O mesmo ocorre con *Mouriño*, moi presente como

¹² Transcrición de 1984 feita en Vilalba (Lu). Dispoñible en:

<http://culturagalega.gal/pruebas/anosafala/etnotexto.php?bloque=Central&cod_etntxts=30>.

¹³ Amais doutras mencións como *negro azulado*, *negro escuro*, *negro mate*, *negro forxa*... (ata nove veces).

¹⁴ Pero téñase en conta a devandita prevención da dificultade de xebrar a motivación étnica da cromática.

sobrenome persoal desde o principios do século XIII («Fernando Iohannis dicto *Maurino*» a.1209 TToxosoutos), cunha motivación que pode ser étnica ou referirse á cor da pel ou do cabelo, e do que hai evidencias de que funcionou para indicar cor, como en *Petram Maurinam* 1150 CDGH. De feito, existiu outro designativo de cor procedente de MAURUS, *murzelo* (med. *maurizello*, véxase LorenzoCronologia, *apud* DDGM), que non deixou representantes na toponimia¹⁵:

«kavallum colore *murzellum*» s.IX TSobrado, «besta ... *murzela*» Fernán Esquíó-LP, «Afonso Morzelo» 1434 DocUnivSantiago (Varela Sieiro 1996: 580).

Non se inclúe neste cómputo o derivado *mourisco*, posto que parece ter exclusivamente motivación étnica; así o consideran os estudosos da etimoloxía (DCECH s.v. *moro*) e do léxico altomedieval (Varela Sieiro 2003: 192) e parece indicalo tamén as atestacións:

«mantas II *mauriscas*» ca.998 DocChouzán, «vineam *mauriscam*» 1092, «strada *maurisca*» 1101 Coímbra, «dalgũs bõos cauall(eyr)os *mouriscos* com suas armas» 1295-1312 CrXCrC, «hũu manto de pano d'ouro inperial laurado a [léteras] *mouriscas*», «doblas *mouriscas*» 1396 THSantiago, «hunar aquel paa con sabon *mourisco*» 1409-20 TALbeiraría, «duas yxolas *mouriscas*» (1485 CDGH)

A partir da raíz latina MAUR- orixináronse moitos nomes persoais (que á súa vez ocasionaron topónimos¹⁶). E, por outro lado, hai que considera-la posible confluencia da raíz latina coa céltica **mrvos* 'morto', 'ser sobrenatural' na designación deses lugares que as crenzas populares chaman *da moura* ou *de / do(s) mouro(s)*¹⁷ e que habitualmente están ligados a restos de monumentos megalíticos (véxase Benozzo / Alinei 2007). E, por último, a raíz oronímica **mor-* / **mur-*, que pode estar en *Mourama* e *A Moureira* (véxase Martínez Lema 2010) e *Mourazos* (DAG).

¹⁵ Modernamente cítao no seu dicionario Carré Alvarellos (1951): «murcelo: Color de amora, dícese del caballo que tiene este color» (*apud* DdD), pero non sabemos se ten existencia real, porque non atopamos ningunha outra atestación do seu uso. Para outras hipóteses etimolóxicas, véxase DCECH s.v. *morcillo*.

¹⁶ Como *Moure*, *Vilamoure*, *Calmourel*, *Vilamourel*, *Mourelle*, *Mourence*, *Mourentán*, *Mourente*, *Mourigade* / *Morgade*, *Mouril*, *Mourín*, *Mourís*, *Mouriz* (para todos estes, véxase Piel 1947), *Mourón* (Palacio 1981: 788). Algúns deles presentan flexión xermánica, como *Mourán* en *Ademourán* e *Remourán*. E, fóra destes nomes de posesores baseados nos xenitivos, tamén hai nomes medievais, como *Martín Mouro* ou *Peimoure* (para este último, véxase Palacio 2017: 134). Ou plurais colectivos: *Mourices* (de *Mouriz*), *Mouricios* (de *Mauricio*).

¹⁷ Se non son étnicos, nese caso poden estar *Porto da Moura*, *Mouromorto*, *O Campo do Mouro*, *O Casal do Mouro*, *(A) Fonte do Mouro*, *Fonte de Mouros*, *Coto do Mouro*, *Eira de Mouros*, *Bouza de Mouros*, *Vila(r) de Mouros*, *Portodemouros*, *Couce dos Mouros* e probablemente *Fontemouro* (onde puido haber haplloxía).

En total, hai máis de 150 lugares e 19 parroquias no NG que portan esta raíz, pero é un número moito máis pequeno o que aquí se considera (58):

1. Mouro / O Mouro 2 / Mouros / Os Mouros 2 / Moura / A Moura

Derivados:

2. Mural / O Mourela, A 2 / Mourela Alta, A / Mourela Baixa, A / Mourela do Medio, A
3. Mourelas 8 / de Arriba / de Abaixo / Mourelas Ermo
4. Mouriña, A / Mouriños / Os Mouriños

Compostos:

1. Brañamoura
2. Cabana Moura
3. Carballeira Moura
4. Cernamoura
5. Couce Mouro
6. Fonte Moura, A / Fontemoura / A Fontemourela
7. Fraga Moura
8. Pedra Moura, A
9. Pena Moura, A 2 / A Penamoura 3
10. Pomouro, O¹⁸
11. Portomouro¹⁹
12. Pozo Mouro, O
13. Río Mouro / Riomouro / O Riomouro
14. Vilamoura, A

É nos compostos onde máis evidente é o senso cromático, aquí aplicado a hidrónimos (río, fonte, pozo), fitónimos (braña, carballeira, cerna, couce, pomar, fraga²⁰), orónimos (pedra, pena), construcións ou entidades de poboación (cabana, vila).

¹⁸ Palacio (2017: 134) suxeriu como base o nome persoal *Pero Mouro* (cf. *Peimoure*), pero quizais sexa mellor a proposta de Alvar (1961: 168), na composición *pomar mouro*.

¹⁹ Dunha voz común, segundo o dicionario de F. J. Rodríguez (1863, *apud* DdD): «*Portomouro*: Son las balsas ó pozos que hay en algunos puntos de los ríos tan profundos que hacen parecer el agua negra ó moura de que debe venirle el nombre de mouro; y el de porto vendrá de que suelen estar estos portosmouros, cerca ó unidos al paso por el río tanto que sea por puente como por vado. En el río Tambre hay un puente que se dice de Portomouro, por esta razón, y en el río Ulla hay un vado y pasos por donde se atraviesa junto á un pozo del mismo nombre, un poco más arriba del puente de San Justo».

3.2. Negro

O adxectivo *negro* é directo continuador do lat. NĪGER (-GRA, -GRUM), e documéntase ininterrompidamente tanto no corpus dos documentos escritos en latín (CODOLGa)²¹ coma dos escritos en galego (TMILG). Neste último atópanse 127 ocorrencias, con comparacións (sobre todo nos textos literarios) que explicitan a cor que designan: o carbón, a pez ou a mora (a), o betume (b) ou o acibeche (c):

- a) «donzela fea | e *negra* come carvon» (s.XIII AfonsoX), «diabos, *negros* mui mais que carvões» (CSM), «Aqueste sinal ... é *negro* bem come ñu carvom ... chus negr' é ca pez» (s.XIII P.GarcíaBurgalés), «grandes diabos ... *negros* mui más ca mora» (CSM)
- b) «lle chamã mar morto por que ... deyta dessy alugares hũus cospes *negros* de betume» (ca1330 XEstoria)
- c) «o caualo era todo rrodado de mãchas, hũas tã brãcas cõmo a neue et outras tã *negras* cõmo azaueches» (1373 CTroiana)

Ademais, aparece aplicado a todo tipo de referentes: persoas, especialmente referido á pel das persoas (a, d), a animais (c, e), tecidos (f) e pedras (g).

- d) «un ome *negro* de coor» CSM, «hũu mouro moy *negro*» (1390-1420 MSantiago)
- e) «alacran *negro* nen veiro» (Afonso X), «un mui gran can *negr'e* outro veiro» Roi Queimado, «hũa vaca *negra*» (1295-1312 CrXCrC), «hũu lago moyto alto et moy *negro* en que andan peixes moy grãdes et moy *negros*» (1390-1420 MSantiago)
- f) «frades *negros*», «ábeto *negro*» (1390-1420 MSantiago)
- g) «Et quanta pedra y auía foy mármol et uermella et *negra* et cárdea et uis et jndia», «Elles tijñã a uila muy forte et os muros dela muy fortes, et nõ de tápea, ante erã de mármor jalne et *negra* et uermella et uis» (1370-1373 CTroiana).

Na toponimia está hoxe representando polo adxectivo substantivado e por diversos derivados:

1. Negros

Derivados:

- 1. Negral / Ferreira de Negral / Vilamaior de Negral
- 2. Negradas / San Miguel de Negradas

²⁰ En Vilalba, onde está *Fraga Moura*, o significado de *fraga* é 'bosque' (véxase ALGa VI, mapas 176, 177).

²¹ Desde o século VI: «mons *niger*» a.569, «monte *nigro*» a.747 Lugo, «pelagum *nigrum*» a.775 DipAstur.

3. Negreira 2 / A Negreira / Negreiros
4. Negreiroa
5. Negrelos 2
6. Negreiriños

Compostos

1. Pedranegra, A / Pedras Negras
2. Piago Negro
3. Pozo Negro / O Pozo Negro

Se o adxectivo *negral* hoxe aparentemente só é modificador de *carballo* ou *cerqueiro* (DRAG), antano tiña máis usos, como explica Nicandro Ares para o Vilamaior de Negral de Guntín: «o determinativo *Negral* alude a unha característica de ‘terra negra’ de louseiras que hai nesta zona» (2012: 479), e mais para o Ferreira de Negral de Palas de Rei: «trátase dunha terra negra, de cor da súa lousa, que alí se arrincaba, aínda que era de baixa calidade, moi branda e moi porosa» (2013: 921). Na Idade Media aparecía con outras árbores («figueyra *negral*» 1282 CDOseira, «castineiro *negral*» 1365 CDSCRibeiro) e tamén como sinónimo de *negro*:

«Poy-la Virgen groriosa | fez este miragr’atal, || que deu ao jogar dõa | e converteu
o *negral* || monge» (CSM)²²

Negrada supón un verbo que probablemente teña que ver coa acepción recollida para o latín *nigrare* ‘pór(se) negro» (DMLBS), máis que coa recollida na lírica profana «En este son de *negrada* farey hun cantar» (Lopo Liás), interpretado por Rodrigues Lapa como «música de mouros (?)» (*apud* DDGM).

Desta relación foron excluídos *Peronegro*, composto por unha cadea onomástica persoal medieval²³, e tamén teñen orixe antroponímica *Negrelle* (do xenitivo do nome de posesor **Nigrellus*) e *Nigrán* (probablemente de (VILLA) NIGRANA, o derivado en -ANA do nome persoal *Niger* (véxase Navaza 2017b: 90-94), con quen pode estar relacionado *Negráns* (se é que non é variante de *negrás*, plural de *negral*).

²² Neste caso o sufixo parece ser esixido pola rima. De todas formas, non é estraño o uso dun derivado adxectivo equivalente no significado ó primitivo (como *rubial* / *rubio* na toponimia (véxase Navaza 2006: 481).

²³ Do éxito que tivo na onomástica persoal a familia de NIGER dá fe a relación dos seus descendentes románicos en Kremer / Bagola (1991: 151-159). Estes autores tamén poñen *Nigrofe* en relación con NIGER (e co elemento visigótico *ulfus*, **Nigrulfus*, p. 152).

3.3. Louro

Os adxectivos de cor derivados do lat. LAURUS ‘loureiro’ empréganse na península ibérica (cast. *loro*, cat. *llor*, gal. e port. *louro*) con valores cromáticos variables. Para Corominas, a evolución semántica ‘verde escuro’ > ‘moreno’ pode explicarse «por el matiz oscuro que distingue su verde del de otras plantas» (DCECH s.v. *loro* II). Para Kristol (1978: 113) só se pode interpretar tendo en conta desprazamentos e polivalencias semánticas no antigo campo semántico da cor ‘escura’, con gran vitalidade en iberorromance. Esa é a razón pola que el sitúa esta cor dentro do campo do negro, aínda que reconece que tamén podería formar parte do castaño ou do amarelo (para o cabelo) desde unha perspectiva moderna.

Máis ardua é a tarefa de explicar os empregos para unha cor esencialmente clara en portugués e parcialmente en galego, a de (cabelo) ‘dourado’. Kristol (1978: 114) apunta a que a designación deste concepto nas linguas modernas procede en grande medida de desprazamentos semánticos: hai termos para esta cor cuxo étimo designaba vermello, branco, castaño e, probablemente, tamén azul.

Entre as atestacións medievais encóntranse usos onomásticos, ben como nome persoal (*Lauro* diaconus 760 DipAstur), como toponímico («sancte Columbe de *Lauro*» 1151 CDMPinario), ou as dúas simultaneamente («Pelagius de *Lauro*» 1158 TToxosoutos). No caso do topónimo estamos ante outro caso de homonimia, porque, aínda que pode estar relacionado co lat. LAURUS ‘loureiro’, ténselle asignado unha raíz prerromana, probablemente hidronímica, a partir da *lou- ‘lavar’ (DAG). De novo estamos ante un problema de difícil resolución.

Como adxectivo atópase modificando animais (vaca, boi, cabalo) e para expresar a tonalidade dos mouros, o que parece incidir no concepto de escuridade:

«vaca soldare colore *laurea*» 941 TCelanova, «bove Io colore *lauro*» (975-1011 TCelanova), «mouros ... brancos e *louros*» (CSM), «com meu cavalo *louro*» (Pedro Gómez Barroso-LP), «la iouenca *loura* muza» (s.a. TSobrado), «hũa vaca *laura* roxa et outra ruuya ruuyalua roxa» (1326 DocUnivSantiago)

Ademais, a asociación con *roxa* leva a Veiga Díaz (2010: 324) a deducir que «o adxectivo *laura* neste caso expresa unha tonalidade acastañada próxima ao vermello», pero é difícil precisalo no resto dos casos. Analizando os contextos do TILGa do século XIX, atopamos estes significados fundamentais: para designar bois e vacas, como na Idade Media (a); para cor escura, en comparación co carbón, coa lava, co merlo, e en contraste co albo (b); en acepcións figuradas a partir desa cor escura (c); para a cor clara (d), e como sinónimo de loureiro (e):

- a) «boi *louro*» 1843, «vaca *loura*» (1861)
- b) «Sobre un tapiz dúa mesa máis *louro* do que é o carbón» (1813), «olmo, sea *louro* ou albo, unha folla non se move (1840), «a *loura* pena» (1862), «alciprés

louro» (1862), «Non é volcánica lava, que fora de cor máis *louro*» (1886), «*louras* nubes» (1892), «A meniña, pequena e *loura* como un merlo galeiro» (1896)

- c) «¿Cando se roierán miñas cadeias de *loura* escravitude ...?» (1892), «Do campo da luciña que dan teus ollos puros alonxans'os conxuros da *loura* impuridá» (1892), «seu triste penar *louro*» (1892)
- d) «Cando o trigo é *louro*, é o barbo com'un touro» (1881), «os *louros* esprandores do sol ó fondo dos regueiros» (1894), «De *louros* cabelos, cos ollos azúes, ... e co aquela morbidez apetecible de rubiota frescachona» (1895), «seus *louros* cabelos coas brancas guedellas» (1895), «a *loura* espiga» (1897)
- e) «pra esmiñancarlles a facha con *louros* ou con fungueiros» (1859), «alí abaixo brúa o río, Brincando de *louro* en *louro*» (1862), «¡ou patria miña! eu son o derradeiro dos teus murchados *louros*, cativo gabador» (1896), «non sei que tolas ambiciós maxino, non sei que *louros* abranguer deseio» (1896)

Excepto a fitonímica (e) e a figurada (c), as restantes acepcións están recollidas na definición canónica²⁴:

Louro: De cor castaña escura tirando a vermella, coma a da castaña madura. *As vacalouras son de cor loura*. 2 De cor castaña moi clara ou tirando á do ouro. *Cabelo louro*. SINÓNIMO DOURADO. 3 Que ten o cabelo de cor castaña moi clara ou dourada. *Un rapaz louro*. Tamén substantivo. *Un louro*. (DRAG)

Tendo en conta estas prevencións, asignamos con certas dúbidas estes topónimos ó campo de cor:

1. Louro 3 / Os Louros

Derivados:

2. Loral, O 2 / Lourás
3. Louriña / A Louriña / Louriño / O Louriño 2
4. Louriñó
5. Compostos
6. Boilouro / Pena do Boi Louro
7. Monte Louro
8. Paulouro, O
9. Penaloura, A
10. Ribadelouro
11. Vacaloura, A

²⁴ Tamén no DISPOGAL se recolle como nome de cor (posición 63), pero non se identifica a cal das acepcións está referida.

Gonzalo Navaza (2006: 325-6) considera *Louro*, *Loural*, *Lourás* e *Louriña* probablemente fitonímicas, o que parece indubidable en *Loureiro*, *Lourido*, *Louredo* (que por tanto non están aquí incluídos).

Nos derivados encontramos animais (boi —coma na atestación medieval—, vacaloura), e orónimos (pena). Son cuestionables *Paulouro*, que podería ser variante do nome persoal *Pai Louro*, como propón Palacio (2017: 134) e mais *Ribadelouro*, pois o río Louro (afluente do Miño) podería levar este nome pola súa cor ou ter orixe na devandita acepción hidronímica prerromana.

3.4. Preto

Este é un neoloxismo que veu enche-lo campo do /negro/, exclusivo do iberorromance (español, portugués e galego). Corominas considéao un derivado regresivo de *apretar*, e este do latín tardío APPECTORARE ‘estreitar contra o peito’; a acepción ‘moreno’, ‘negro’, procede, segundo este autor, da idea de ‘denso, espeso’, sentido que ten *apretado* en moitas partes, coma no Quixote onde «hablando de niebla, polvo y análogos, equivale a ‘oscuro’» (DCECH s.v. *apretar*).

Nos textos medievais atéstase en menor medida ca *negro*: das 88 ocorrencias no TMILGa, só 9 é como adxectivo de cor²⁵; se lle engadimos as 16 en que aparece flexionado, obtemos un total de 25 ocorrencias, o que está lonxe das 127 de *negro/a(s)*. Refírese a moedas (a), tecidos (b), animais (c), cabelo (d), ollos (e), pedras preciosas (f):

- a) «un cambiador que cambiava | d’aver mui gran quantidade, / esterliis e torneses, | burgaleses, pepiões, / e inda daquestes novos | e dos *pretos* e da guerra» (CSM), «C morauedis dos *pretos* (Sarria) (1277 DocSponer), «ij diñeiros *pretos*» (Tebra) (1287 DocMaia), «C soldos da moeda dos *pretos* blancos, a dous *pretos* por soldo» (Carballedo) (1293 CDPombeiro)
- b) «seelos pendentes en baraças de linno *pretas*» (1376 SERibasSil), «o meu pano *preto* de sirgo» (1380 CDGH), «o meu manto *preto*» (1431 CDVilourente), o pelote *preto* que foy de sua madre» 1433 MNPontevedra, «frayras del velo *preto* do dito mofteyro» (Lugo) (1502 DocMaia), «a miña saya de orillado *preto*» (1519 DocDevOurense)
- c) «todaslas ovellas et cabras de suas greys ... as hūas todas blancas et as outras todas *pretas*» (ca1330 XEstoria), «dous carneyros *pretos*» (1350-1399 HTroiana)
- d) «auía cabelo crespo et *preto*» (1373 CTroiana)
- e) «os ollos aviã grãdes et *pretos*» (1350-1399 HTroiana)

²⁵ As restantes son do adverbio («estou mui *preto* de morrer» s.XIII F. Rodríguez de Calleiros).

- f) «hua pedrelina *preta* que trage figura d'angeo engastoadá en prata por sinal que andan en liña branca» (1348 CDGH)

Posteriormente seguimos vendo a acepción de cor nos textos galegos (TILGa), desde Sarmiento (1746) ata o século xx, tamén con sentidos figurados:

«O millo meúdo e os feixóns pretos, e mais o paínzo encherán os cestos», «dous machos *pretos*», «cabalos *pretos*», «os teus ollos *pretos*», «os mouros *pretos*», «un frade agostiño vestido de *preto*» (Sarmiento) (1746), «venden louza de cor branco e *preto*» (1842), «na *preta* escuridá» (1862), «Tes cara de pan *preto*, narís de media canada, fuciño de galga *preta*» (1881), «na caixa envolto en *pretos* crespós» (1894), «E si me deixo o bigote para meter máis rispeto, heino de pintar de *preto* con tinta e mais con cerote» (1896), «xa que os ollos son o espello onde se refrexa a ialma, debes té-la ialma *preta*, cal os ollos da cara» (1898), «o cadaleito probe e toscos, de táboas de pino, torpemente embadurnadas de *preto*» (19(18), «ollos tan *pretos* com'as miñas mágoas» (1923), «a noite *preta* e agarimosa» (1927), «os ollos,..., grandes como unha espranza, *pretos* com'un desengano» (1928), «capa merina *preta*» (1930), «café *preto*» (1931), «Vostede é home morto. Si tén fillos, que merquen os panos *pretos*» (1931), «Gris. Nin branco nin *preto*» (1933), «polos *pretos* buratos dos dentes podres» (1935) etc.

Non se trata dunha acepción común, en todo caso; por iso Rei Ballesteros vese inducido a explicar un contexto coma este: «unha muller de raza *preta*, ou sexa, con sangue africano nas súas veas» (2005). Hoxe no DRAG só figura, como adxectivo, coa acepción «Apertado, tupido. *Vestía un gabán longo e preto. Carne preto.*»

En portugués produciuse un dobrete: *perto* especializouse para o adverbio de lugar e *preto* para o adxectivo de cor, o que permitiu que tivese vida independente. A partir do século xvi experimentou un gran crecemento para designa-la pel das persoas de razas escuras, xunto con outras alternativas para facer matizacións:

«the only word in the 14th century that was used to designate a non-white skin colour was *negro*; in the following century, *pardo* became an available option for dark skin colour; in the 16th, *preto* emerges (as an alternative to *negro*) but also the mixed skin colours, *mestiço* and *mulato*». (Cardeira 2016: 84)

A súa presenza na toponimia galega é baixa, pois só atopamos catro topónimos, en tódolos casos substantivacións do adxectivo, que posiblemente non fan referencia á cor, senón que designan os posesores ou habitantes, a partir dos seus apelidos, pois hoxe *Prieto*, a forma castelanizada, é un dos 50 máis frecuentes:

1. Preta, A
2. Preto, O
3. Pretos, Os 2

A ausencia de derivación ou composición destes adxectivos podería levar a pensar que se debe a que se aplicaba fundamentalmente a persoas (e, por tanto, non

cabería interpretar doutra maneira estes topónimos), pero os exemplos antepostos demostran que cualificaban realidades parecidas ós outros adxectivos, sobre todo os medievais. Quizais a explicación haxa que buscala simplemente na baixa rendibilidade desta voz.

3.5. Outras denominacións

Eran variados os termos latinos que reflectían a ausencia de luz: OBSCURUS, TENEBRAE, UMBRA, NOX (Kristol 1978: 131). O primeiro deles deixou descendentes en case tódalas linguas, usado para a ausencia de luminosidade e como termo marxinal de *negro*.

Na toponimia galega, *escuro* nunca aparece substantivado, só en compostos, adxectivando non só paraxes naturais, senón tamén entidades de poboación (*vila* ou *vilar*)²⁶. Na Idade Media documéntanse algúns destes lugares («sub monte *Silba obscura*» a.1021 CDRamirás, *Vale Oscuro* a.929 RibasdeMiño, *Villa Escura* a.1254 Lugo), outros que non subsistiron (*Devesa Escura* a.1287 SCRibeiro, que si existe en Portugal), e como odónimo: a *rúa Escura*, que segue a existir hoxe en Ourense:

«una herdade que auemus en Silua *escura*» (1276 CDRamirás), «u chaman *Deuesa Escura*, que é en friigesia de santa Maria de Grijoa» (1287 CDSCRibeiro), «morador en Ourense ena rua Escura» (1395 CDRocas)

1. Fonte Escura, A
2. Regueiro Escuro
3. Fraga Escura
4. Silvaescura 3
5. Valescura
6. Vilaescura
7. Vilaescuro

Como foi mencionada a voz latina TENEBRAE, quizais sexa conveniente clarexar que *Tebra* (hoxe nas parroquias de Santa María e San Salvador, Tomiño, Po) non ten nada que ver con ela²⁷, aínda que confluíra foneticamente co seu resultado. Bascuas

²⁶ A falta de concordancia en *Vilaescuro* apunta a un composto con *vilar* e posterior disimilación de líquidas.

²⁷ Sorprendentemente figura na Wikipedia en español como *Tiniebla*: «El castillo de Tiniebla o torre de Tiniebla era un castillo medieval situado en el lugar del monte de la parroquia de Santa María de Tiniebla, en el ayuntamiento de Tomillo, en el valle del Tiniebla afluente del río Miño» https://es.wikipedia.org/wiki/Castillo_de_Tebra (consultado o 14/05/2018). Claro que tamén figura *Tomillo* por *Tomiño*, aínda que milagrosamente se conservou o *Miño*. Son traducións grotescas inventadas recentemente polos autores da Wikipedia.

(2005) rastrexou a documentación antiga, e é obvio que a forma *Tevura* (1217) non pode corresponder a ese étimo latino. Este autor cre que se trata dun hidrónimo, o antigo nome do río que rega estas dúas parroquias, actualmente tamén chamado río Briña, en relación con outros topónimos como *Tivo*, *Tábora*, e todos eles derivarían en última instancia da raíz hidronímica indoeuropea **tā-* ‘derreterse, fluír’.

O mesmo estudoso descarta que *Cinsa* (en Monforte) proceda do latín **cinisia* porque as atestacións medievais (*Cenisa*, *Scenisa*, *Cinisa*, *Cinissa*, desde o a. 941) apuntan a outra orixe, que segundo Bascuas pode ser unha raíz **kei* ‘cor (escura)’, cun suf. *-isa* característico da hidronimia paleoeuropea: «O río *Cinisa* > *Cinsa*, con caída fonética da postónica, debeu de ser un ‘Río Negro’, ou algo así» (Bascuas 2014: 265). De maneira que en última instancia si podería ser un designativo de cor. No que toca a *Entrecinsa* (en Vilariño de Conso, Ou), dado que se adoita documentar como *Intercisa*, o mesmo autor establece a súa relación co lat. *CAESUS* ‘cortado’, como en *Ponteceso*. Pero tamén podería ser unha hipercorrección e corresponderse finalmente coa mesma raíz ca *Cinsa* (Bascuas 2014: 266).

A comparación coa amora está na orixe dun grupo de expresións que significan ‘negro’ ou xiran arredor dese ámbito. En tódalas linguas románicas (agás romanés) hai adxectivos de cor derivados desta comparación; en francés e occitano desapareceron probablemente a causa da confusión fonética e semántica cos derivados de *maurus* (Kristol 1978: 111ss). Esa é a razón pola que menciono *Morado*, aínda que tamén se podería considerar na órbita do vermello, definido como «que ten a cor que resulta de mesturar o azul co encarnado» (DRAG).

Daquela, para *O Morado* (Seixas, As Somozas, Co), poderíase pensar nunha relación con *mora* (< lat. vg. *MORA*, forma relacionada co lat. *MORU* ‘moreira’ DCECH)²⁸. A dificultade é que na Idade Media se documenta escasamente como nome de cor. Veiga Díaz (2010: 311) só o atesta dúas veces: *sayas moradas de jaldón* 1457 LNRianxo. Así pois, parece máis razoable vincular este topónimo co participio do verbo *morar*, que na Idade Media se usaba regularmente en vez de ‘habitar, vivir’ («casas de morada»); ou incluso con *murar* ‘cercar con muros’ (de onde *Murada*, *Muradela*, *Muradelo*). Tampouco considero cromatopónimos os derivados de *mora* (*Moreira*, *Moreda*, *Morás*, *Moreda...*), pois son fundamentalmente fitotopónimos (véxase Navaza 2006: 355-362).

Por último, si penso que ten relación coa cor un derivado de *feluxe*. A metáfora ‘negro de fume, feluxe’ enténdese baixo a acción previa de ‘ennegrecemento’. Pode servir para referirse ó negro e tamén o gris (Kristol 1978: 142-3).

1. Fuluxento, O

²⁸ Algúns autores defenden unha raíz prerromana paralela coa cal pode haber interferencia (como en *amorote*, *morodo*) (véxase Navaza (2006 s.v. *mora*)).

Este topónimo foi tratado por Nicandro Ares (2012: 514), quen o considera descritivo dun terreo con relación coa feluxe (lat. vg. FULLIGO, -INIS), co sufixo *-ento*, posiblemente por ter hulla (non ha ser casual que en Quiroga, concello onde está situado o lugar, haxa unha empresa de extracción de hulla e antracita).

4. Conclusións

Na expresión das cores na toponimia, as máis empregadas son o /branco/ e /negro/, con máis do 50% do total. Non son denominacións únicas, posto que para /branco/ se utiliza en maior proporción a herdeira da palabra latina, *albo* (e o derivado *albar*), seguida de *branco*, que entrou na lingua máis tarde (contra finais do século XII, probablemente). As outras denominacións son case anecdóticas (*cao*, *cairo*, *prata*). Para /negro/ tiveron máis difusión as denominacións xurdidas tras diversos procesos semánticos, como *mouro* ou *louro*; en terceiro lugar, en termos cuantitativos, está a descendente da voz latina propia para a cor, *negro*, e por último, *preto*. Hai, por tanto, máis variedade na súa expresión, que reflicten o uso destas formas na Idade Media, posto que modernamente perderon grande parte da súa vitalidade (agás *negro*). Ademais de todas elas, hai dous termos que indican presenza ou ausencia de luz, *claro* e *escuro*, que foron asignadas ás cores correspondentes.

Desde o punto de vista morfosintáctico, os topónimos procedentes de cores poden aparecer substantivados, flexionados en calquera das posibilidades (masculino, feminino, singular ou plural), en derivación (*-eiro/a*, *-ar*, *-al*, *-edo/a*, *-ido/a*; especialmente con sufixos diminutivos: *-elo/a*, *-oa/-ó* < lat. *-ŏLA*, *-ello* < lat. *-ĭCŪLO*, *-iño/a*) e, sobre todo, en compostos, que é onde está máis nítida a realidade que cualifican. As dúas cores adxectivan en número máis ou menos parello vexetación (*Pradoalbar*, *Xestas Brancas*, *Carballeira Moura*), núcleos de poboación (*Vilalba*, *Vilaescura*) ou fontes (*Fontebranca*, *Fontemoura*). Hai máis referencias ó branco en pedras (*Seixalbo*, *Penalba*), construcións (*Grixalba*, *Casabranca*) e, para o negro, en augas (*Piago Negro*, *Regueiro Escuro*) e animais (*Boilouro*, *Vacaloura*). En tódolos casos amósase a importancia do estudo da toponimia para a historia do léxico.

Evidentemente, para completar esta aproximación cromática faltan o vermello (con tódolos seus tons) e o verde, as cores con similar incidencia cuantitativa. E despois, o pardo, o amarelo e as referencias multicolor. Pero aínda coa limitación das dúas cores que son o obxecto neste estudo, ponse de relevo que o panorama nunca é en branco e negro, porque as cores, tamén estas, e como todo na historia da lingua, están cheas de gradacións e matices.

Referencias bibliográficas

- ALGa VI = Instituto da Lingua Galega (2015): *Atlas lingüístico galego. Vol. VI. Léxico. Terra, plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Barrié / Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ares, Nicandro (2012, 2013): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 2 vols.
- Bascuas, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2005): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada [A Coruña]: Edicións do Castro.
- Bascuas, Edelmiro (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Benozzo, Francesco / Mario Alinei (2007): «A área galega na prehistoria lingüística e cultural de Europa», *A Trabe de ouro* 71, 13-39. Dispoñible en : http://www.continuitas.org/texts/alinei_benozzo_area-gallega.pdf.
- Berlin, Brent / Paul Kay (1999): *Basic color terms: their universality and evolution*. Stanford, Calif.: CSLI.
- Cardeira, Esperança (2016): «*Preto and negro, pardo, mestiço and mulato*», en João Paulo Silvestre / Esperança Cardeira / Alina Villalva (eds.), *Colour and colour naming: Crosslinguistic approaches*. Centro de Linguística da Universidade de Lisboa / Universidade de Aveiro, 71-90.
- DAG = Boullón Agrelo, Ana I. (coord.) / Luz Méndez / Gonzalo Navaza / Antón Palacio: *Dicionario dos apelidos galegos*. [En preparación].
- DCECH = Corominas, J. / J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos, 6 vols.
- Dębowiak, Przemysław (2013): «Les couleurs dans les noms de lieux habités en Espagne», *Nouvelle Revue d'Onomastique* 55, 71-97.
- DOELP = Machado, José Pedro (1993²): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Editorial Confluência, 3 vols.
- Fernández Rei, Francisco / Hermida Gullás, Carme (1996): *A nosa fala*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Kremer, Dieter / Holgeren Bagola (1991): «6. NIGER, 7. NIGRALIS, 8. NIGRARIUS, 9. NIGRATUS», en Antoni M. Badia i Margarit (ed.), *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes del III Col·loqui (Barcelona, 19-21 juny 1989)*. Tübingen: Max Niemeyer, 121-171.
- Kristol, Andres M. (1978): *Color: les langues romanes devant le phénomène de la couleur*. Zürich: Francke Berne.

- Martínez Lema, Paulo (2010): «A toponomástica como auxiliar da lexicografía histórica: os exemplos de *Moraime* e *Fornís*», en P. Cano López *et alii*: *XXXIX Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística. Santiago de Compostela, 1-4 febrero 2010* [Recurso electrónico]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Navaza, Gonzalo (2004): «Historia e etimoloxía do ‘pito cairo’», en A. Boullón (ed.), *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 165-179.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega.
- Navaza, Gonzalo (2017a): «A intervenção régia na toponímia galega medieval. Os nomes de Afonso IX (1188-1230)», *Guavira* 5, 50-78.
- Navaza, Gonzalo (2017b): «Toponimia miñorá: *Miñor, Nigrán, Gondomar, Baiona*», en Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións, 81-114.
- Palacio Sánchez, Antón (2017): «Antropónimos en topónimos galegos», en Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións, 115-136.
- Palacio Sánchez, X. Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Piel, Joseph M. (1947): «Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa», *Biblos* 23, 143-202, 283-407; Separata: Coimbra. 1950².
- Roca Garriga, Pedro (1954): «Distribución relativa de los topónimos en ALBUS y en BLANK en la Península Ibérica», *RFE* 38, 251-256.
- Trapero, Maximiano (1995): *Para una teoría lingüística de la toponimia (Estudios de toponimia canaria)*. Las Palmas de Gran Canaria: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.
- Varela Sieiro, Xaime (1996): «El campo del color en documentos altomedievales de Galicia», en Ana María Aldama (ed.), *De Roma al siglo XX*, I. Madrid: Sociedad de Estudios Latinos / Universidad Nacional de Educación a Distancia / Universidad de Extremadura, 573- 583.
- Varela Sieiro, Xaime (2003): *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: O enxoval*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Veiga Díaz, María Teresa (2010): *A expresión da cor na documentación medieval en lingua galega: fontes orixinais e fontes traducidas*. Tese de Doutoramento (inérita). Universidade de Vigo.

Villanueva Gesteira, María Dolores (2009): «O campo semántico das cores visto por tres xeracións», *Estudos de Lingüística Galega* 1, 169-188.

Recursos on line

CODOLGa = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en:
<<http://corpus.cirp.es/codolga/>>.

DdD = Antón Santamarina (coord.): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en:
<<http://sli.uvigo.es/DdD/index.html>>.

DDGM = Ernesto González Seoane (coord.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo: *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Instituto da Lingua Galega (USC). Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.es/DDGM/>>.

DISPOGAL = María Álvarez de la Granja / Belén López Meirama: *Disponibilidade léxica en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en:
<<http://gramatica.usc.es/disposal/>>.

DMLBS = *Dictionary of Medieval Latin from British Sources*. British Academy. University of Oxford. Dispoñible en:
<<http://www.dmlbs.ox.ac.uk/publications/online>>.

DRAG = *Dicionario da Real Academia Galega*. Dispoñible en:
<<https://academia.gal/dicionario>>.

NG = *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia. Dispoñible en:
<<http://www.xunta.es/nomenclator>>.

TILGa = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <<http://ilg.usc.es/TILG/>>.

TMILGa = Xavier Varela (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Universidade de Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.